Non producíndose intervencións e sometido o asunto pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 24 de xuño de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 27 de xuño de 2008 sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 27 de xuño de 2008 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

7º.- ADHESIÓN DO CONCELLO AO PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DE FERROL.-

Visto o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade, de data 30 de xuño de 2008 que, transcrito di:

“2º.- ADHESIÓN DO CONCELLO AO PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DE FERROL.-

Vista a proposta da Alcaldía de data 24 de xuño de 2008 que transcrita di:

“PROPOSTA AO PLENO

Visto o Decreto 98/2008 da Consellería de Traballo, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego de Galicia,

PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Adherirse ao Pacto territorial de emprego de Ferrol segundo se reflicte no apartado 2º do artigo 4º do Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego.

Segundo.- Nomear como vogal na asemblea xeral do Pacto territorial de emprego de Ferrol en representación do Concello de Fene a Don José Iván Puentes Rivera, Alcalde-Presidente, cumprindo co reflectido no apartado 1º do artigo 5º do referido Decreto 98/2008.

Terceiro.- Remitir certificación do presente acordo á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.”

A Comisión Informativa de Organización e Seguridade en votación ordinaria acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 30 de xuño de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Aberto o debate intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a Xunta de Galicia a través da Consellería de Traballo está a crear pactos territoriais polo emprego nas diferentes comarcas de Galicia con dous obxectivos claros, a implicación dos Concellos, da Xunta de Galicia, dos Empresarios e das organizacións sindicais para traballar conxuntamente nestes pactos de traballo que se creen para analizar as necesidades laborais de emprego en cada comarca, neste caso en Ferrolterra, formar traballadores nos campos que as empresas e que as organizacións sindicais detectan que son necesarios te tamén traballar conxuntamente para o desenvolvemento da comarca, creación de emprego e implantación de empresas e industrias en cada unha das comarcas de Galicia. Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e indica que están adheridos ao pacto territorial de emprego de Ferrol practicamente a totalidade de Concellos de Ferrolterra, aqueles que celebraron pleno a últimos de mes puideron aprobar a súa adhesión, e a inicios de mes, cando se celebrou o pleno anterior neste Concello non tiñan a documentación e, polo tanto, Fene participou na súa constitución simplemente como observadores e como oíntes para traelo a pleno e hoxe tráese, e a partir de hoxe si se aproba esta inclusión, Fene quedaría adherido como membro de pleno dereito a este Pacto territorial de emprego de Ferrol, e se empezará a traballar coa Xunta, Sindicatos e empresarios nesa liña.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que apoian a inclusión de Fene no Pacto territorial de emprego, sobre todo este Concello, como o resto da comarca, que sufriu nos últimos anos diversos avatares a nivel de emprego, e que entenden que é positivo e que as Administracións, os Sindicatos, os empresarios e os Concellos se poñan de acordo en temas moi importantes como a formación, a busca de novos nichos de emprego, etc. e tamén lles gustaría que desde este Concello se traslade a esta comisión dúas realidades que hai neste Concello moi importantes como son a ampliación do polígono de Vilar do Colo e se teña en conta a viabilidade dos oitocentos mil metros cadrados que ocupa as instalacións da antiga Astano, e con eses dous polos de atracción de emprego o Concello tería moi claro o rumbo marcado e sen un dos dous cre que estaría coxo durante bastantes anos.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 30 de xuño de 2008 sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 30 de xuño de 2008 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

8º.- ESTABLECEMENTO DE DÍAS NON LABORAIS NO ANO 2008.-

Visto o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade, de data 30 de xuño de 2008 que, transcrito di:

“4º.- ESTABLECEMENTO DE DÍAS NON LABORAIS NO ANO 2008.-

Vista a proposta da Alcaldía de data 23 de xuño de 2008 que transcrita di:

PROPOSTA

Visto o acordo acadado na Mesa xeral de negociación, na Comisión negociadora e na mesa xeral de negociación prevista no artigo 36.3 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

Establecer como días non laborais para o ano 2008 os que a seguido se relacionan:

- 22 de marzo de 2008.
- 2 de maio de 2008.
- 26 de xullo de 2008.
- 16 de agosto de 2008.”

Visto o informe de Secretaría de data 23 de xuño de 2008 que, transcrito di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asto: Proposta da Alcaldía de data 23 de xuño de 2008 relativa á establecemento de días non laborables para o ano 2008.

A funcionaria que subscribe, en relación ao asunto de referencia, ten a ben emiti-lo seguinte INFORME:

Primeiro.- A Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público establece que *“ Las Administraciones Públicas establecerán la jornada general y las especiales de trabajo de sus funcionarios públicos. La jornada de trabajo podrá ser a tiempo completo o a tiempo parcial”*.

O artigo 94 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local preceptúa que *“ La jornada de trabajo de los funcionarios de la Administración local será en cómputo anual la misma que se fije para los funcionarios de la Administración Civil del Estado. Se les aplicarán las mismas normas sobre equivalencia y reducción de jornada.”*

O apartado segundo da Resolución de 20 de decembro de 2005, da Secretaría xeral para a Admnsitración pública, pola que se dictan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal civil ao servizo da Administración xeral do Estado establece no seu parágrafo 1 que *“ La duración máxima de la jornada general de trabajo en la Administración General del Estado será de treinta y siete horas y media semanales de trabajo efectivo de promedio en cómputo anual, equivalente a mil seiscientos cuarenta y siete horas anuales”*.

A imperatividade do sinalado no artigo 94 da LBRL ten sido afirmada polo Tribunal Supremo (Sentenzas de 20 de febreiro de 1996 e 5 de decembro de 1997) Do anterior, dedúcese que a xornada dos funcionarios da Administración local non é dispoñible por medio de pactos .

Segundo.- O calendario laboral excede do ámbito competencial do Concello, é dicir, o Concello carece de competencia para a fixación doutros días non laborables distintos dos

fixados polo Estado , pola Comunidade Autónoma de Galicia e os dous xa fixados para este ano polo Concello de Fene.

Neste sentido, a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade valenciana de data 3 de novembro de 2001, sinala que :*“... la previsión de una jornada semanal de 35 horas a partir del primero de enero de 2001 y su punto 2º, en cuanto a la negociación de calendarios laborales, son nulos en cuanto, asumiendo una competencia de la que se carece establece un régimen distinto al legalmente aplicable (art. 94 de la Ley 7/1985, Reguladora de las Bases del Régimen local en relación con la Resolución de la Secretaría de Estado para la Administración Pública de 27 Abr. 1995 y con el art. 2.1 del Decreto 50/1989, de 18 Abr., del Consell de la Generalitat), pues la jornada sólo se adecuaría a la legalidad en cuanto la misma se fijara por el Estado o, en su caso, por la Generalitat Valenciana”*.

Resulta, polo tanto, que , á vista do disposto no artigo 94.1 da LRBRL, a xornada de traballo dos funcionarios de Administración Local debe ser, en cómputo anual, a mesma que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado que, como se indicóu, está establecida en 37,5 horas semanais, polo que non pode reducirse a través de negociación este número de horas, nin siquiera mínimamente, pois como sinala a Sentenza do Tribunal Supremo de 7 de abril de 1995 *“ se trata aquí de una imposición legal que exige la misma jornada y no una mera aproximación”*; e a Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de febreiro de 1996 sinala que *“ el mandato expreso de una norma con rango de Ley no puede desconocerse o modificarse en virtud de una negociación colectiva, pues además de infringir aquel precepto legal al fijarse para los funcionarios de la Administración Local una jornada laboral distinta de la de los funcionarios de la Administración del Estado, podría dar lugar a una multiplicidad de jornadas laborales distintas de las entidades locales; a Sentenza do tribunal Superior de Xustiza de Andalucía. Málaga, de data 31 de marzo de 2004 sinala no seu fundamento de dereito quinto que: *“...Por lo tanto, el establecimiento de la jornada semanal en 35 horas, al contravenir tal precepto por cuanto la jornada semanal de trabajo para la Administración General del Estado quedó fijada en resolución de la Secretaría en 37 horas y 30 minutos, resulta contraria a derecho.”*; e a Sentenza do Tribunal Supremo de 15 de marzo de 2007: *“...En el presente caso en efecto el propio acuerdo establece no sólo el cómputo de las horas semanales, inferior en dos horas y media a la fijada para los funcionarios del Estado, sino el cómputo anual que fija en 1.512 horas, y en definitiva es notorio, partiendo de la igualdad de días festivos, que existe una conculcación de la normativa citada anteriormente...”*.*

En atención ao exposto por esta Secretaría infórmase que a previsión da xornada laboral normal anual de 1.546 horas efectivas de traballo, 35 horas e media semanais, contida no artigo 2.6 do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ó servizo do Concello de Fene infrinxe a legalidade, o establecido con carácter preceptivo no artigo 94 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, norma ésta de carácter imperativo. Polos mesmos motivos, infrinxe á legalidade a regulación contida no acordo regulador verbo da fixación de días festivos distintos aos sinalados polo Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e os dous que lle corresponde fixar ao Concello (e que para este ano son o mércores de cinza e 6 e agosto) . Polo tanto, a xuízo da que subscribe, procede a revisión de oficio pola Corporación dos artigos contidos no referido acordo regulador referentes á xornada laboral e días festivos, por ser nulos de pleno dereito, a través do procedemento previsto no artigo 102 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Do mesmo modo e polos motivos anteriormente expostos infórmase que , a xuízo da que subscribe, a proposta da Alcaldía de data 23 de xuño de 2008 relativa ao establecemento de

días non laborais para o ano 2008, distintos aos fixados polo Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e os xa fixados polo Concello de Fene para o presente ano, ao afectar ao cómputo anual xornada de traballo, infrinxe a legalidade , polo que se informa **desfavorablemente** a citada proposta.

É o que expoño neste informe que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.”

Visto o informe de Intervención de data 26 de xuño de 2008 no, que entre outras cousas, no seu apartado segundo di:

“Segundo.- Calendario laboral 2008. Neste sentido debe decirse, que a xornada de traballo dos funcionarios da Administración local será en cómputo anual a mesma que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado, aplicándose as mesmas noras sobre equivalencia e redución de xornada (Art. 94 LBRL). Por acordo do Consello de Ministros de 19 de xaneiro de 1983 fixouse a xornada ordinaria semanal en 37,5 horas. Por tanto, non pode reducirse a través da negociación este número de horas.

En consecuencia, a fixación de determinados días como non laborables implica a xuízo da que suscribe o presente informe, unha redución da xornada de traballo fixada legalmente polo que de adoptarse o presente acordo debería acordarse unha redución proporcional de haberes nos termos previstos na Instrución anual sobre confección de nóminas.”

A Comisión Informativa de Organización e Seguridade en votación ordinaria acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 23 de xuño de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade, de data 30 de xuño de 2008 sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade, de data 30 de xuño de 2008 , que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

9º.- MOCIÓNS RELATIVA AOS ACORDOS IMPULSADOS NO SEO DA UNIÓN EUROPEA SOBRE XORNADA LABORAL DE 48 HORAS.-

Dáse conta da moción conxunta asinada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP e Mixto de data 30 de xuño de 2008 que transcrita di:

“MOCIÓN

Como reacción aos últimos acordos impulsados por unha serie de países no seo da Unión Europea sobre os dereitos dos traballadores/as e, por elo, ante a necesidade de reiterar hoxe máis que nunca o noso compromiso cunha **EUROPA SOCIAL, DA XORNADA LABORAL DE 48 HORAS E DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA**, os Grupos Municipais do PS^{de}G -PSOE, PP e Mixto ó abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 1917 a Organización Mundial do Traballo (OIT) aprobou que o tempo máximo de traballo semanal sería de 48 horas, pondo así fin a unha longa historia de xornadas prolongadas e penosidad laboral propias do século XIX e da Revolución Industrial.

A medida supuxo unha constante no Dereito Laboral europeo, tanto a nivel nacional como, coa formación das Comunidades Europeas, no marco comunitario. O seu probado éxito nas relacións laborais levou mesmo nalgúns sectores e nalgúns países a reducir o tempo semanal de traballo ás 35 horas.

Con todo, coñecemos nos últimos días que as autoridades comunitarias pretenden ampliar o tempo máximo de traballo semanal até as 60 horas de modo xeral e até as 65 para determinados sectores, deixando á negociación individual entre traballador e empresario a fixación das horas concretas de traballo semanal, nunha práctica coñecida como “opting out”.

Consideramos que a ampliación a 60 horas do tempo de traballo semanal é un retroceso histórico nas relacións laborais e nos costumes europeos no ámbito do traballo. De igual modo, cremos que a construción europea débese sustentar nas melloras sociolaborais dos cidadáns e cidadás da Unión, e non en priorizar medidas de calado económico de dubidoso beneficio para a sociedade.

De igual maneira, consideramos que deixar á negociación individual entre o traballador e o empresario a fixación das horas máximas de traballo semanal supón menoscabar outro dos alicerces fundamentais do noso sistema de Dereito Laboral, como é a negociación colectiva, consagrada no artigo 37 da Constitución.

Non estamos de acordo cunha medida desta natureza, que prexudica a conciliación entre traballo e vida familiar; que é contraria á seguridade e á saúde no traballo; e que abre a porta a prácticas de competencia desleal entre empresas.

A directiva coa que se pretende ampliar a semana laboral rompe coa tradición do dereito laboral europeo e creba os principios que establece o novo tratado da Unión Europea.

Por todo o sinalado anteriormente, os Grupos Municipais do PS^{de}G PSOE , PP e Mixto de Fene presentan a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Concello de Fene expresa a súa confianza no diálogo social e na negociación colectiva, recoñecida na Constitución, como medios para a adopción de acordos entre os axentes sociais no ámbito laboral.
2. Concello de Fene expresa o seu rexeitamento á proposta de directiva da Unión Europea que pretende ampliar o tempo máximo de traballo semanal a 60 horas con carácter xeral e 65 horas en determinados sectores, pois supón socavar os cimentos do dereito laboral comunitario, expresando igualmente o seu apoio ao actual tempo de traballo regulado na normativa laboral e convenios colectivos, que vén rexendo as relacións laborais no noso contexto legal desde 1917.
3. Os Grupos Municipais desta Corporación expresan o seu apoio ao Goberno de España para que emprenda as iniciativas oportunas no ámbito comunitario de face a manter a actual semana laboral regulada na normativa laboral e convenios colectivos e a vixencia da negociación colectiva como vía para alcanzar acordos no ámbito laboral.
4. Igualmente, os Grupos Municipais deste Concello instan os grupos políticos representados no Parlamento Europeo a tomar as medidas adecuadas en idéntico sentido de manter a actual semana laboral regulada na normativa laboral e

convenios colectivos e a vixencia da negociación colectiva para lograr acordos laborais.”

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que antes de entrar a debater a moción presentada, quere dicir que houbo unha moción presentada por rexistro do Partido Socialista, outra moción do Grupo municipal do Partido Popular que ían practicamente na mesma liña, manifestándose ou posicionándose o Concello en contra dos acordos adoptados na Unión Europea sobre a legalización da xornada laboral de 60 horas e mostrándose a favor da xornada laboral de 48 horas que é a que desde hai moi anos está regulada e implantada no conxunto de países da Unión Europea. Na comisión informativa de Organización e Seguridade se refundiron as mocións do Partido Socialista e do Partido Popular nunha soa, se adheriu a ela tamén EU e polo tanto ven a este pleno como moción conxunta dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do Partido Popular e de Esquerda Unida. Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde manifestando que no punto 12 da orde do día de mocións urxentes, hai unha moción do grupo municipal do BNG sobre o mesmo, e baixo o seu punto de vista se expresa nos mesmos termos en que se expresa a moción conxunta dos tres grupos políticos, e que esta non foi posible presentala por rexistro antes da convocatoria do pleno e polo tanto non foi incluída na orde do día, e a proposta que fai é que, dado que é unha moción sobre o mesmo tema, en lugar de debatela no punto de mocións urxentes que se debate neste punto da orde do día, que se vote primeiramente a urxencia logo incorporala ao debate e si é posible, e é o seu desexo, poder refundila coa que teñen asinada os tres grupos e que sexa un acordo unánime da Corporación o posicionamento en contra das sesenta horas e a favor das corenta e oito. Cre que a moción non fai falla lela porque está consensuada entres os tres grupos políticos, e polo tanto hai que decidir se se inclúe este punto na orde do día a moción que estaría presentada no punto de mocións urxentes do BNG sobre este respecto, e que o voceiro do BNG explique a urxencia e logo votárase si se inclúe ou non.

(Ausentase o Sr. Concelleiro Don Antón Lois Noceda Carballo).

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que a presentan por urxencia porque esta moción xa está tratada na comisión e trátase duns feitos de hai menos dun mes que se deron nun cumio de ministros e ministras de traballo de vinte e sete estados da Unión Europea e por iso queren incorporala ao pleno e que por razóns que non ten sentido explicar agora, non a presentaron con anterioridade na comisión como tiñan previsto..

Polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a urxencia da inclusión na orde do día da Moción do BNG sobre a directiva do tempo de traballo na Unión Europea, sendo aprobada por unanimidade dos/as señores/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que quere expoñer o contido da moción e sinala que como saben o pasado 9 de xuño en Luxemburgo, os ministros e ministras dos vinte e sete estados da UE aprobaron por maioría cualificada a proposta de modificación da directiva europea sobre o tempo de traballo pasando das 48 horas tope que estaban establecidas, a 60 horas semanais chegando excepcionalmente ás 65 horas semanais. Esta proposta do consello de ministros e ministras de Traballo da UE chega logo de catro anos de debates e seis intentos frustrados, e racha con toda unha traxectoria moi anterior á creación da UE, de redución das xornadas laborais. Que para eles é moi importante destacar que o PSOE e mesmo o PP, e neste caso o PSOE apoiou esta modificación coa abstención, e absterse nunha cuestión deste tipo implica desde o seu punto de vista o seu apoio. Continúa a súa intervención e manifesta que a loita pola minoración da xornada é unha constante da historia do movemento obreiro, que a finais do

século XVIII e comezos do XIX, os traballadores e traballadoras facían xornadas de ate 16 horas diarias, dando lugar ao “movemento polas dez horas”, que logo de anos de protesta, consegue as dez horas laborais, aprobada polo Parlamento inglés en 1847, cumpríndose inicialmente só para homes menores de dezoito anos e mulleres de calquera idade, e que posteriormente en 1874 xeneralizouse a todos os traballadores e traballadoras o límite máximo de 10 horas ao día, e agora a xornada proposta polos ministros e ministras da UE vólvenos a aquela data do ano 1847. a primeira regulación que abarcou unicamente á duración da xornada laboral foi na Conferencia Xeral da Organización Internacional do Traballo (OIT), hai 91 anos, na que se acordou unha xornada de 8 horas ao día e 48 horas á semana e que no Estado español no 1983 aprobose que a xornada máxima sería de 40 horas semanais. Que para eles esta proposta dos ministros e ministras da UE é o maior retroceso social dos últimos anos e vai no camiño contrario dos logros que, logo de moitos anos de loita sindical, dábanse por consolidados. Esta desregularización do mercado laboral, dende normativas ou sentenzas europeas, incide negativamente nas conquistas sociais dos traballadores e traballadoras galegas, por isto presentan a moción e solicitan o voto favorable da Corporación municipal para: 1. rexeitar a proposta de modificación da Directiva sobre Tempo de Traballo realizada, o pasado 9 de xuño, pola maioría cualificada de ministros e ministras de Traballo da Unión Europea. 2. Trasladar este acordo á Presidencia do Goberno do Estado, á Presidencia do Parlamento Europeo e a todos os grupos parlamentares que conforman a Cámara Europea. 3. Instar á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central demandándolle que manteña en todas as reunións oficiais que se celebren sobre esta problemática unha posición claramente contraria á modificación desta Directiva.

Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín e manifesta que non entenden que un ministro socialista se absteña ou non vaia a unha votación deste tipo, por iso queren manter a súa moción e ver a postura dos demais.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que lle agrada ver que nisto das 65 horas tamén ten culpa o Partido Popular, que da gusto ver as cousas, pero que saiba o voceiro do BNG e o pleno que está aquí, que precisamente a proposta do Partido Popular na comisión foi precisamente que se suprimira incluso toda referencia ás 48 horas, porque xa hai colectivos que actualmente están a traballar 35 horas. Aparte diso cren que coa implantación das novas tecnoloxías conlevará que moitas veces as xornadas laborais, ou ben se celebren na casa ou ben se fagan xornadas repartidas á comodidade dos traballadores, por tanto eles na comisión chegaron ao consenso de facer constar que efectivamente se respectara a lexislación laboral e os convenios colectivos, co cal tamén algún colectivo, concretamente o sanitario que lle interesa algunha ampliación de xornada, pois que negocie ben coa administración ou coas empresas privadas, cren que o máis lóxico e coherente coa liberdade é deixar todo en mans da negociación colectiva e da lexislación laboral que impoñer unha serie de criterios fixos e determinados. Non comparten tampouco que o tema da negociación colectiva poida ao mellor deixar en peores circunstancias aos traballadores, e cren que a matización que se fixo e o consenso ao que se chegou entre o Partido Popular, o Partido Socialista e Esquerda Unida cren que o texto é agradable aos tres grupos políticos, e non queren entrar en si un ministro se vai, se outro non se vai, iso é responsabilidade de cada un e a opinión pública o xulgará en función do que vexa nos medios de comunicación e efectivamente claro que partiu do partido laborista inglés, pero cada quen é moi libre de propoñer e facer o que se queira, a eles agora o que lles están a solicitar é que apoiem precisamente ir en contra desa directiva e fronte ao que din que o Partido Popular non ten culpa das 65 horas aínda que se lle pretenda atribuír tamén iso, eles van votar a favor da moción conxunta dos tres grupos políticos e cre que as conclusións que veñen da moción do BNG, sacando o argumentario que nestes casos ás

veces hai que renunciar a él, aínda que sexa só por chegar a un acordo, cren que os tres puntos que hai nesa moción son perfectamente asumibles.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez que, unha vez concedido, manifesta que por parte de EU non hai inconveniente en asumir a moción do BNG, xa que a ven bastante próxima, se suman a esa moción e a van votar afirmativamente tanto si se une como se non se une. Coinciden coa exposición de motivos, que custou moito conseguir os dereitos que hoxe se teñen, e ao que nos quere levar a UE é un atraso, e isto significa que se volven dous séculos atrás e como se di na moción piden e rexeitan a directiva da UE de ampliar o tempo máximo semanal a 65 horas, e que o que vai traer isto como consecuencia é que vai ocasionar unha ampliación da xornada de traballo, que co desemprego que hai en España e na UE haberá máis e vai contra unha cousa que vai no programa de tódolos partidos políticos que é á famosa conciliación laboral, ao mellor con esto se consegue, que se inste ao goberno de España e aos actuais grupos que o conforman a manter a actual mañá laboral e que se sigan a regular polas normas de traballo que nestes momentos hai. Cando se van estas cousas, EU queren facer unha crítica ou unha denuncia en todo caso, ven que todas estas cousas teñen unha causa, uns promotores e uns executores porque de pouco serve que nos concellos se aproben estas mocións si os gobernantes, os partidos maioritarios no fondo están de acordo coa ampliación, e que non é nin mais nin menos que consecuencia do tratado de Lisboa que o parlamento español o aprobou, e non sabe porqué o representante do PP se estrañaba tanto cando o do BNG o dicía, o que todos sabemos é que votou a favor del o PSOE, o PP, PNV e Coalición Canaria, que o pobo non puido votar, e os nosos representantes o asinan con aleivosía con premeditación e con nocturnidade como unha serie de presuntos delincuentes, e se chega a criticar aos irlandeses que tiveron a oportunidade de votar, tiraron co tratado abaixo e se lles tacha como unha banda de locos, e isto é o que hai. Tamén di que hai que facer unha historia disto, que esta proposta non naceu hoxe nin onte, esto parte do Reino Unido gobernado precisamente por un Sr que segundo el ía ser o mais socialista do mundo. Para resumir sinala que isto retrotrae aos tempos da revolución industrial da Inglaterra manchesteriana e volver dous mil douscentos anos atrás, e con esas observacións que fai van a votala.

Intervén o Sr. Alcalde e manifesta que comparte unha parte moi importante da intervención do voceiro de EU pero outra non, sobre a ratificación do tratado de Lisboa e outros pasos de constitución da UE non se fixo nin máis nin menos que seguir os pasos determinados como para outros tantos tratados, non é que asinen simplemente os xefes de goberno senón que as cortes xerais e o parlamento español que representa a tódolos cidadáns o aprobaron, o asinaron e lle deron toda a legalidade, e en todo caso cre que non é precisamente o goberno español sospeitoso de non someterlle aos cidadáns as súas consideracións sobre a unión europea posto que, o goberno español foi un dos que optou pola vía do referendo para ratificar a constitución europea, que a maioría do pobo español votou a favor, ratificou esa constitución europea, o segundo paso, unha vez que a constitución europea é rexeitada polos franceses e holandeses, é asinar o tratado de Lisboa e sometelo ás cortes xerais como se fixo noutras ocasións cando se tratou de avanzar na Unión Europea, e pode coincidir con EU en que para eles sería desexable unha Europa moito máis social, que non so pensase no mercado e no libre intercambio de produtos entre os seus países senón que pensase en ter institucións fortes, que protexesen a todos, en ter unha cidadanía europea, multitude de cuestións que si ían contempladas na constitución europea e que o pobo español e o pobo galego votaron a favor no seu momento, pero o proceso de construción é lento, difícil, tivo altibaixos, e hai que traballar cos mimbres que ten a unión nestes momentos, que para el non son os desexables, pero menos desexable é un horizonte sen unión europea. Con respecto á aptitude do goberno de España e do partido socialista concretamente sobre a xornada laboral de 65 horas ou a de 48 que é a que se defende nesta moción, unha cousa é o que un

ministro, e probablemente si calquera dos que están aquí fosen ministros, votarían en contra desta directiva, pero tamén saben como se reparten os equilibrios e se toman as decisións no seo da unión europea e houbo que adoptar por táctica ou por estratexia unha postura de abstención nese momento, pero en todo caso cre que o goberno español foi claro, tallante e rotundo unha vez que a directiva se aprobou impulsada por determinados membros da UE dicindo que en España que o goberno socialista non a aplicarían nin a seguirían e de feito, o Partido Socialista, xunto co Partido Popular, O BNG, EU e o conxunto de partidos maioritarios deste país están impulsando iniciativas como a que hoxe ven a este pleno no conxunto do Estado precisamente para defender a xornada laboral de 48 horas. O partido socialista vai votar a favor da moción consensuada entre os tres grupos, entende que a moción do BNG como xa se expresou por parte do Partido Popular e de Esquerda Unida é absolutamente asumible no seo desta moción porque se di practicamente o mesmo, e invitan ao BNG a intentar chegar a un consenso e que o acordo poida ser unánime da corporación e non de tres grupos, e en todo caso se reitera o partido socialista no acordo adoptado na comisión que cre que realmente estase diante dun dos retrocesos máis graves que se produciu en dereitos laborais e dos traballadores nos últimos anos no conxunto de europa e polo tanto unha parte lle afectará a España se isto se chega a concretar e a aplicar, realmente como dicía o voceiro do PP, tódolos grupos rexeitan incluír determinadas cuestións da moción, precisamente en aras do consenso e do entendemento dos grupos políticos, cre que é unha boa medida e un bo camiño a seguir, porque si polo partido socialista fora estarían a falar de xornadas de trinta e cinco horas semanais e non de corenta e oito como neste caso, pero cre que é moi importante que cando menos se manteña o que hai e a partir de aí xa se decidirá como valoralo.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que o fondo da historia é que o modelo que se pretende impoñer de europa, que é o que dicía o voceiro de EU, é un modelo de elites, construído desde os estados fortes, e un modelo que si Francia vota non a unha constitución europea esa constitución non vale, si vota Irlanda son uns tolos. É un modelo ultraliberal porque pretende desregularizar absolutamente todo agás que Astano poida facer barcos, iso non, iso o teñen claro porque que Astano poida facer barcos vai en contra de Alemania, de Francia, das grandes potencias europeas, entón hai que bailar a un son determinado, por iso o BNG di que este modelo de construción europea é un modelo asimétrico e inxusto, e con medidas como esta nos manda a 1847 que foi cando se conseguiu reducir a xornada laboral a dez horas. Nese sentido é onde din que os partidos, como o PP e o PSOE que apoiaron nas cortes españolas o tratado de Mastrich no seu día, o de Lisboa, tratados que falan claramente de todas as desregularizacións posibles, e o que se está a tender é a que haxa escravitude, xornadas de 65 horas, e iso é basicamente o que está a tratar a unión europea, ter man de obra barata, tan barata que se traballe ata 65 horas aínda por riba reguladas en trimestres, o que implica que se poida chegar a 70 ou 75 horas semanais en función da produción. Que o problema da UE mal que nos pese é un problema de modelo e o problema do estado español é un problema de falta de ética política, porque cando cedemos as competencias á UE en materia de moeda, Banco Central Europeo, que a peseta estaba na constitución española e a borrar dun plumazo, e se agarran á constitución para o que interesa e para o que non queda a cousa no aire, porque ¿a quen preguntaron si queríamos cambiar as pesetas polo euro? , a ninguén, se cambiou e punto, e o que lles molesta é ese toque de cinismo, que sexa capaz de absterse o noso representante, que non deixa de selo, o Ministro de Traballo, e que o Partido socialista e o goberno socialista en Madrid digan que están en contra e que aquí non o van a aplicar, pero deixan a porta aberta para que se aplique e despois que lle pregunten á polaca que ven a Huelva a recoller fresóns si lle aplican as 60 ou as 65 horas semanais e haber onde se vai queixar, ao igual que vir cos convenios colectivos de fóra que iso pasou aquí e pasa en determinadas compañías auxiliares. Que eles non teñen

inconveniente en consensuar, porque a revolución e os cambios fanse dende a base e entende que os grupos municipais son a base dos grupos políticos, eles poden e deben si hai acordo, de chegar a esas 40 horas que dicía o Partido Popular, ou as 35 que eles apoian decididamente en tódolos ámbitos políticos e sindicais, pero como sabe o voceiro do PP, o Partido Popular despois non o defende en ningún lado, o defende en Fene e é un paso moi avanzado e importante e lles encantaría que esa liña fora a liña do PP e non que despois voten a culpa á UE ou a Bruxelas, aí está o fondo da cuestión e é onde nos quere levar Alemania, Francia, Inglaterra, cada quen tirando para a súa casa e non pensando nin nos dereitos colectivos nin non progreso social, ao contrario. Chegado ao punto da moción, basicamente coinciden, que o BNG presentou esta moción no parlamento galego hai mais de quince días e raíz desa presentación os demais grupos intentaron como é lóxico, tamén queren o seu protagonismo, en rexeitar isto porque non hai ninguén da política local que sexa capaz de explicarlle a un veciño que está a favor das 65 horas semanais. Eles, o que engadirían, porque os dous primeiros puntos son practicamente iguais, sería o terceiro punto que di instar á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central demandándolle que manteña en todas as reunións oficiais que se celebren sobre esta problemática unha posición claramente contraria á modificación desta Directiva, que non vale ir alí a absterse, si sae que non saia cos votos do estado español, polo menos dignifica como políticos e como estado representante na UE con respecto sobre todo ás clases traballadoras, que op que queira traballar mais de 65 horas na súa empresa pode facelo porque é propietario pero cre que non hai dereito humano ningún a retroceder douscentos anos.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que o que entende de todo o manifestado sería engadir un quinto punto á moción consensuada que dixese o que acaba de pronunciar o voceiro do BNG e que sería o punto 3º da súa moción.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que eles non se opoñen a que se incorpore este punto, pero non polas consideracións que di o voceiro do BNG, e volve a repetir que nestes casos sobran as exposicións de motivos porque do contrario nunca van estar de acordo, e o representante do BNG ten que saber que cando se incorporaron á comunidade económica europea cedéronse unha parcelas de soberanía, xa sabe que desde o punto de vista político del iso está mal feito pero esa é a lei, e o que está aí. Non cre que se caracterice o Partido Popular por ir en contra dos traballadores, non hai máis que falar dos catro primeiros anos do goberno Aznar que foron de pleno consenso cos sindicatos, e non só iso, creouse un fondo de pensións que aí está e é indubidable e non ten discusión. Por outro lado, eles son partidarios non só das 35 horas, das 40 das 48 das 65 ou das 15, iso dentro dun marco legal no que lóxicamente non se permita a explotación de ninguén, a liberdade é a liberdade de cada un, tamén se lle pode falar disto aos campesiños, aos pescadores e aos autónomos que están por aí adiante tantas horas, para eles non pedimos nada, e entoa a súa culpa tamén, e como quere que toda esa xente viva mellor e buscarlle unha solución e o di con sinceridade, por iso debe prescindirse de todo argumentario político porque ao final non leva a ningún sitio, por tanto non cre que teña máis discusión o tema, están practicamente de acordo en todo e non hai ningunha razón nin motivo para que ese último punto non se inclúa na moción consensuada.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que non hai ningún problema en que se inclúan e ademais que ese punto enriquece algunhas cousas que faltaban na moción. Quere facer tres reconsideracións, que o referendo non se fixo porque sabían de sobra que o perdían. A segunda consideración é a constitución española que non ten prohibido facer referendo e cando se aproban cousas como esta onde está a orixe de tódolos males que é precisamente nesta constitución que se aproba, que se quere meter con calzador, que se aprobou pola porta de atrás e da forma que

se aprobou, e si unha constitución non se aproba por referendo que lle diga alguén qué son as dictaduras. Outra cousa é que se di que ninguén vai contra os traballadores, e dubida que non se vaia contra ninguén cando nin se lle pregunta.

O Sr. Alcalde-Presidente di que cre que as posicións están perfectamente claras, na exposición de motivos no que fixo cada partido e no que defende cada un seguro que discrepan e iso é bo e natural e que o importante é que se esté de acordo na proposta de resolución e nos termos que hai que votar e aprobar neste pleno, que o partido socialista tamén está de acordo en incluír a emenda que presenta o BNG a esta moción para sumar ese quinto punto co contido que se referiu antes.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a Moción conxunta de tódolos grupos municipais incluíndo o punto 5º na mesma, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a Moción cos seguintes acordos:

1. Concello de Fene expresa a súa confianza no diálogo social e na negociación colectiva, recoñecida na Constitución, como medios para a adopción de acordos entre os axentes sociais no ámbito laboral.
2. Concello de Fene expresa o seu rexeitamento á proposta de directiva da Unión Europea que pretende ampliar o tempo máximo de traballo semanal a 60 horas con carácter xeral e 65 horas en determinados sectores, pois supón socavar os cimentos do dereito laboral comunitario, expresando igualmente o seu apoio ao actual tempo de traballo regulado na normativa laboral e convenios colectivos, que vén rexendo as relacións laborais no noso contexto legal desde 1917.
3. Os Grupos Municipais desta Corporación expresan o seu apoio ao Goberno de España para que emprenda as iniciativas oportunas no ámbito comunitario de face a manter a actual semana laboral regulada na normativa laboral e convenios colectivos e a vixencia da negociación colectiva como vía para alcanzar acordos no ámbito laboral.
4. Igualmente, os Grupos Municipais deste Concello instan os grupos políticos representados no Parlamento Europeo a tomar as medidas adecuadas en idéntico sentido de manter a actual semana laboral regulada na normativa laboral e convenios colectivos e a vixencia da negociación colectiva para lograr acordos laborais.
5. Instar á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central demandándolle que manteña en todas as reunións oficiais que se celebren sobre esta problemática unha posición claramente contraria á modificación desta Directiva.

10º.- MOCIÓN SOBRE RECOÑECIMIENTO ÁS VÍCTIMAS DO TERRORISMO.-

Dáse conta da Moción conxunta asinada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP, de data 30 de Xuño de 2008 que transcrita di:

“MOCIÓN

Cando se cumpren **CORENTA ANOS DENDE QUE A BANDA TERRORISTA ETA REIVINDICASE O SEU PRIMEIRO ASASINATO**, os Grupos Municipais do PS^{de}G-PSOE, e do PP ó abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes días cumpríronse corenta anos desde que a banda terrorista ETA reivindicara a súa primeira acción mortal co asasinato do Garda Civil José Ángel Pardines Arcay. Nestas catro décadas a banda asasina cometeu múltiples atentados que custaron a vida a preto de 900 persoas de toda procedencia: policías, gardas civís, militares, docentes, concelleiros, xornalistas, empresarios, sindicalistas e un longo etcétera. A pesar do sufrimento da sociedade, hoxe en día queda pendente un recoñecemento claro e explícito a todos estes cidadáns que deron a súa vida en defensa da liberdade e a democracia.

Con todo, hoxe segue patente unha das manifestacións de maior indignidade para as vítimas de ETA, como é ver o nome dos seus verdugos en rúas e prazas do País Vasco e Navarra, tendo que recorrer a sentenzas xudiciais para conseguir a retirada de placas desas rúas e prazas dos municipios de Euskadi.

Moitas asociacións cívicas reclaman que sexan retirados eses nomes que manchan a dignidade das vítimas, apoiando, ademais, que nos máis de 8000 municipios españois realícense actos públicos de recoñecemento ás mesmas. Vítimas que son de todas as ideoloxías, de todos os lugares de España, de toda condición social, profesional, económica ou cultural, sen distinción de sexo nin de idade, vítimas que ven vulnerado o seu dereito fundamental de liberdade por a imposición totalitaria dun único pensamento.

A liberdade e a dignidade humana son valores que han de estar presentes na acción política e defendidos con firme determinación polos representantes do pobo elixidos democraticamente.

A acción da xustiza, a persecución policial, o impulso da lei e do Estado de Dereito, así como a unidade dos demócratas, non son suficientes para derrotar ao terrorismo se non van acompañados do recoñecemento ás vítimas por defender a liberdade, por non silenciarse ante as ameazas sufridas, por defender España e o seu marco de convivencia, converténdose nun referente ético. é por iso que a sociedade española debe memoria, dignidade e xustiza a todas as vítimas do terrorismo: ETA, GRAPO, TERRA LLIURE, 11M e a Yihad radical islámica.

É a calor que necesitan as vítimas, as súas familias e persoas máis queridas, e por iso o goberno máis próximo a eles, o dos Concellos e Deputacións, é quen ten que demostralo dunha forma indeleble, mediante a adhesión a esta moción de todos os partidos democráticos e forzas políticas integrantes da nosa Corporación.

Por todo o sinalado anteriormente, os Grupos Municipais do PS^{de}G PSOE e PP de Fene presentan a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- 1. Dedicar un monumento ás vítimas do terrorismo nun lugar destacado dunha praza do concello**, como recoñecemento institucional do valor humano na súa máxima expresión e pola dignidade con que sufriron un mal inconmensurable en nome de todos.
- 2. Que no acto de inauguración do monumento celébrese, con participación da sociedade civil**, unha homenaxe de recoñecemento ao seu sufrimento, á falta de

atención que padeceron as vítimas e ao seu importante papel en defensa das liberdades.”

Aberto o debate intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a moción a pactan os dous partidos no seu da federación galega de municipios e provincias con motivo dos corenta anos que transcorreron desde a aparición da banda terrorista ETA e deciden presentar mocións conxuntas en todas as corporacións do Estado para que se dedique, a moción orixinal dicía dedicar unha rúa ás vítimas do terrorismo en cada un dos concellos, tanto o Partido Socialista como o Partido Popular, o BNG e EU que participaron no debate na comisión, pareceu máis oportunos propoñer que no caso de Fene dedicar un monumento mais que unha rúa ás vítimas do terrorismo e é o que se propón basicamente nesta moción.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que como condenan todo tipo de terrorismo probablemente teñen que aprobar iso, pero si pensa que se queda corta nunha serie de cousas, e lles parece certo que é unha indignidade para todas as vítimas de eta que haxa monumentos no País Vasco, en Navarra, Calles, prazas, etc. cos nomes dos asasinados, pero tamén lle parece unha indignidade bastante maior que no resto de España, en moitas partes, outro terrorista, outro xenocida, que estén as estatuas por moitas partes, es estase a referir ao xeneral Franco que todos coñecen con corenta anos que nos tivo sometidos, e parécelle que a lista de organizacións que é bastante corta, está Eta, Terra Lure, 11 M e a Yihad Islámica que pensa son os mesmos, pero hai que condenar a todos os terroristas, porque ¿é que non son terroristas aquelas organizacións como a OTAN?, aqueles países que quitan e poñen réximes democráticos como o presidente dos EE.UU e o seu goberno, ou aqueles terroristas pilotos da Otan que saían da base italiana de Aviano e ían comer coas mulleres e os seus fillos, e saían a bombardear Yugoslavia, hospitais, colexios, cidades, para él como español, como universitario e como demócrata sente vergoña que entre eses asinos houbera e hai políticos e altos cargos españois, por iso repite que a liberdade e a dignidade humana que son valores que se piden, que deben ser defendidos con firme determinación por tódolos representantes do pobo elixidos democraticamente, desde EU están de acordo, agora que non ven que estaban de acorda esas persoas que apoiaron eses crímenes e eses criminais que son que fixeron esa barbarie, que segundo eles tamén foron elixidos polo pobo, a verdade que deixan bastante que desexar, e o que piden a todos os representantes e a todos os partidos é unha actitude clara e de condena e de rexeitamento contra todo tipo de terrorismo, porque é unha hipocrisía condenar algúns terroristas e ao mesmo tempo ir da man, apoiando, xustificando e defendendo aos dous maiores terroristas que hai no mundo e que son o maior perigo que ten hoxe a humanidade que son o goberno de EE.UU encabezado por Bush e a Organización da Otan que ben debería chamarse organización terrorista do atlántico norte.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que quere expresar como o ten feito en todas as ocasións que así se deu desgraciadamente a súa solidariedade con tódalas vítimas do terrorismo ademais de compartir a dor coas súas familias, eles apoiaron todos os actos que se fixeron, apoian que o concello dedique un espazo público ás vítimas do terrorismo, pero si faría fincapé que as vítimas do terrorismo son todas, sen exclusións, porque non hai nada que xustifique un damnificado, un morto, un asasinado, nada, e por iso todas as persoas que son, que foron vítimas dalgún tipo, de represión, para eles son vítimas do terrorismo, que hai un monolito xa instalado en San Valentín que vai nese sentido, monumento á memoria e memoria é todo o que ten pasado dende hoxe para atrás ata onde leve a memoria e está aí para lembrar a todo tipo de persoas represaliadas, por iso non van deixar de apoiar esta moción, non queren facer en absoluto política con esta moción, con esta si que non, porque esta si que ten unha resolución política querendo ou polo menos é o esforzo que teñen que ter todas as forzas políticas e non

utilízalo partidariamente, aquí si, porque a solución política debe ser resolver tódolos conflitos a tódolos niveis, desde os problemas internos do estado aos problemas internacionais, darlle solución a cada un deles, si hai terrorismo islámico é porque tamén hai unha situación de marxinação, de subordinación de determinado tipo de relixións coas que non comulga, pero existe un problema con Irán, con Iraq con todo o mundo árabe, existe un problema de falta de entendemento e iso xénero un problema para todos os estados occidentais, e cren que tanto a nivel internacional como a nivel interno do estado español os problemas de terrorismo teñen que ter solución política e eles non van facer un debate sobre isto no pleno.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que cre que o texto da moción na súa exposición de motivos é aséptica total, e non logra ver outras cousas, nin fins políticos nin moito menos, o ve bastante aséptico e bastante razoable e que non o vexa así non lle parece ben, pero levar isto a outras consideracións, e si de verdade, si se pensa que estas mocións que estanse a levar aos concellos tanto o PP neste caso como o Partido Socialista van sacar un rédito político parécelle bastante mal intencionado, non se trata diso, e logo xa sacar as cousas de contexto e elevar isto a outras alturas, o mesmo que o voceiro de EU citou países terroristas, él tamén os podería citar e ao mellor por respecto aos seus cidadáns que aí si que é onde habería que traballar, pois non os cita pero cre que están na mente de todos, cre que neste tipo de mocións non teñen sitio ese tipo de consideracións, e logo si queren fan unha moción do terrorismo internacional e se fai con todas as consecuencias, pero non é o caso.

O Sr. Alcalde-Presidente manifesta que cre que nin él nin o seu partido político son nada sospeitosos de comulgar coa política dos EE.UU nin coa política de Bush neste caso, pero si cre que hai unha diferenza entre Eta, entre Bush, ou entre un terrorismo e as accións que Bush poida facer a nivel internacional, sendo totalmente condenables bombardeos no oriente próximo e determinadas accións militares, a Bush, mal que lle pese e sen entendela, o elixiron nunhas eleccións os cidadáns dos EE.UU, cousa que non se lle pode aplicar nin ao terrorismo de Eta nin a calquera outra organización terrorista, en calquera caso cre que non cabe moita máis discusión política sobre o asunto e o Partido Socialista vai apoiar esta moción que presenta xunto co Partido Popular e cre que se trata dun xesto que non ten moitos matices de condena ao terrorismo e de apoio e solidariedade ás vítimas do terrorismo das que todos e todas temos compañeiros e compañeiras; e con respecto ao franquismo si que se enorgullece de vivir en Fene e de vivir nun concello que a día de hoxe ten erradicada toda a simboloxía franquista de acordo coa lei da memoria histórica aprobada polas cortes xerais, no concello quedaban dous restos que eran o símbolo da falanxe española nas vivendas sindicais de Perlio que foron eliminadas recentemente con motivo do repintado destas vivendas e tamén unha cruz de homenaxe aos caídos por España utilizando a terminoloxía do réxime que había no atrio da igrexa de Fene da que tamén recentemente foron eliminados os símbolos da falanxe española e o escudo preconstitucional, por tanto Fene está libre dese tipo de simboloxía, e cre lembrar o pleno que se celebrou no anterior mandato para retirarlle a Franco o título de alcalde honorario de Fene e nomear precisamente fillos predilectos deste concello ao Alcalde Ramón Souto, ao Secretario da Corporación e a todos os concelleiros e concelleiras que foron fusilados polos franquistas durante o golpe de estado do ano 36, polo que Fene pode ter a conciencia tranquila nese sentido. Sobre a moción o voto do partido socialista vai ser favorable.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a Moción conxunta asinada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP, de data 30 de Xuño de 2008 sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a Moción transcrita.

11º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 364 do 2 de xuño de 2008 e a número 431 do 27 de xuño de 2008.

12º.- MOCIÓNS URGENTES.-

Non se presentan.

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal, quen unha vez concedido, manifesta que quere facer varias preguntas e rogos.

- Sobre o centro de saúde, porque na prensa ven que veu a consellería de Sanidade e que fixo uns compromisos concretos, e quere saber si eses compromisos van ter datas, prazos ou orzamentos.

- Sobre o tema dos orzamentos di que se lles deu un borrados do que nada dixeron ata agora pero lles chama a atención un especial nunha páxina da Voz de Galicia sobre os orzamentos do Concellos de Fene e cren que os especiais se pagan e queren saber o que custou o especial da Voz de Galicia.

- Sobre a débeda do Concello que volveu a saír na prensa que quedou reducida a 2,5 millóns de euros, sen debater nada en comisión, e cando existen unhas declaracións do Sr. Alcalde nas que dicía que se debían 8 millóns de euros, noutra en 6 millóns, e onte na prensa pásase de oito millóns de débeda a 2,5 e pensa que esas declaracións na prensa non lles favorece a ningún político dos que están aquí e nin cre que lle agraden moito aos veciños, por tanto queren saber cal é a débeda real.

- Sobre outras declaracións á prensa respecto ao cumprimento do 50% do programa do bipartito e volven dicir que queren preguntar en que puntos dese programa se cumpriu o 50%.

- Pregunta sobre as beirarrúas da estrada da Deputación en Barallobre que xurdiron varios problemas e parece ser que no proxecto inicial non se ía variar pero parece ser que si para suprimir o lavadoiro que estaba alí e que non se tira o muro do instituto para darlle mais ancho á beirarrúa e queren saber porque variacións de proxecto para unhas cousas e para outras non se poden facer.

- Sobre o Plan de prevención ante eventuais catástrofes naturais queren saber si se está a dar algún paso neste tema.

- Preguntan polo maior control de vixilancia de consumo de drogas nos parques públicos que xa preguntaron no anterior pleno, queren saber si se tomou algunha determinación ao respecto.

- Tema do auga a Almieiras non van falar mais porque todos ven o que ven e levan así desde o mes de febreiro, se dixo que as obras ían estar rematadas o 30 de xuño, e onte comprobaron que non empezaron nada.

- Sobre o parque existente detrás da AA.VV. de Perlio que ardeu, se precintou e pregunta si se vai repoñer ou que uso se lle vai dar.

- Queren felicitar á concelleira de medio ambiente antes de facer unha pregunta, porque é lóxico que así se faga porque ven que as praias de Limodre están en perfecto estado e esperan que o mantemento continúe, pero pregunta cando se vai tocar o tema da Ribeira do Carril.

- Hai tempo se preguntou polo tema de instalar unhas bandas reductoras na baixada de Lubián e queren saber si se fixo algo.

- Outro tema importante, aínda que non é municipal, cre que é de portos, que sería moi interesante estudar o tema das vallas do peirao de Barallobre, e roga que se dirixan á administración correspondente mais que nada pola perigosidade que presenta.

- Sobre o tema de sinalización das licenzas de obras, cren que desde a oposición estase a colaborar nese tema, estanse dando para adiante ao tema das obras e cren que a xunta de goberno local debe responder tamén ao apoio que lle están a prestar a comisións informativas, e queren saber cal é o inconveniente para que a xunta de goberno non axilice esas licenzas que xa pasaron por comisión e sobre a orde de licenzas.

A continuación presenta os seguintes rogos:

-No tema de limpeza de rúas, na da torre na entrada de Astano se acumula auga e é necesario un desbroce e unha limpeza e solución ás inundacións.

-Na rúa Tarrio sería conveniente se limparan as silvas que estanse a votar enriba das beirarrúas.

- Sobre o Colexio dos Casais , xa saben que a Xunta vaise facer cargo destes colexios pero ao mellor sería conveniente facerlle algunha tarefa de mantemento e no tellado do Ramo tamén.

- Reposición de contedores na rúa do Cruceiro que se queimaron dous e se repuxo o de orgánicos e faltaría o de plásticos.

- Sobre o tema das prazas de minusválidos que cren que están mal sinalizadas.

-Si é posible darlles un toque de atención aos que fan o traballo do firme na Estrada N-651 que se pinten pasos de peóns provisionais.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e resposta que con respecto aos Centros de Saúde a Conselleira de Sanidade hai uns días nun acto que celebrou o Partido socialista aquí en Fene se lle trasladaron as principais demandas que tiña o centro de saúde un tema de reposición de azulexos, dixo que a finais de ano cando a Xunta asuma as competencias totais sobre o mantemento dos centros de saúde será competencia súa e se poderán repoñer, se lle trasladou outra demanda importante que eran as cadeiras que estaban practicamente todas rotas e a resposta foi que en setembro coas novas partidas económicas se repoñerían todas as cadeiras e mentres traerían cadeiras do hospital de Mariña como medida urxente e a partir de setembro traer as novas. Que había dúas demandas que eran por unha banda a ampliación do Centro de Saúde para darlle mellor servizo pois hai problemas de arquivo de expedientes e acoller novas especialidades para incluír un servizo de Raios X, houbo compromiso de que a Consellería se compromete a ampliar o centro de saúde, a crear o servizo de Raios X e o Concello no caso de que fose necesario lle aporta os terreos á Consellería, a concelleira de Sanidade e él despois desta charla coa conselleira quedaron de mirar coa oficina técnica e niso están unha medida urxente que sería ampliar o centro de saúde cara ao aparcamento do centro, xa que tanto por un lado como por outro como pola parte de atrás son terreos que están dentro dunha APE e que polo tanto o Concello non pode dispor deles en tanto en canto esas zonas non se urbanicen, e o único terreo que ten dispoñible o Concello é o aparcamento e a conselleira pide que cando se teña decidido e si se quere que ese terreo se destine á ampliación se lle comunique por escrito e a partir de aí a consellería fará os trámites para dotar economicamente esa ampliación, non se falou dunha data concreta senón de iniciar os trámites para que iso se poida facer.

Con respecto aos orzamentos falarase oportunamente na comisión que se fará a semana que ven, no pleno extraordinario que aprobe os orzamentos pero en todo caso sobre o tema da débeda si un le as informacións que apareceron nos medios ou escoita a radio sobre o que di na débeda vese que hai unha contradicción entre o que publica onte Diario de Ferrol e o que saíu en tódolos medios de comunicación, o que se di nos demais medios de comunicación é que durante o primeiro ano de goberno a débeda se reducía en 2,5 millóns de euros e o que publica Diario de Ferrol onte, supón que por unha mala interpretación da xornalista neste caso,

é que a débeda é de 2,5 millóns de euros, a realidade é que durante o primeiro ano de mandato se aplicaron unha determinada serie de cuestións económicas ao gasto e orzamento, a débeda bancaria é a que é e se reduce amortizando capital e intereses cada ano, a débeda a provedores que é sobre a que se podía atacar máis directamente se reduciu en 2,5 millóns, non é que a débeda sexa de 2,5 millóns senón que verase cando se debate o orzamento e está perfectamente cuantificada e a disposición de tódolos grupos políticos, é superior aos 2,5 millóns porque milagres de momento non poden facer. Dicotir que o Concello non pagou ese especial na Voz de Galicia e a fiscalización do Concello está para comprobalo, o concello de Fene apareceu en moitos especiais desde que este goberno está a traballar, o único que si pagou o concello en determinados momentos e seguirá pagando son anuncios do concello de Fene promovendo determinadas cuestións, ese especial non.

Sobre o cumprimento do 50% do programa electoral quere dicir que está a disposición de tódolos veciños e o Partido Socialista dará oportuna conta do programa electoral cando lle toque facelo ante os veciños no seu momento e o que se di e é certo, que máis do 50% das promesas do programa electoral están iniciadas e con solución para poder cumprirse e para poder facerse realidade e o demostrarán con datos.

Sobre as licenzas de obras o dixo publicamente moitas veces, existe un problema de atasco no Concello, de axilidade á hora de conceder as licenzas municipais, por unha banda solucións que ten proxectadas, unha delas moi vinculada a cando se aprobe o orzamento, é a creación desa unidade de xestión urbanística que permitirá ter enteiramente dedicadas ás licenzas e á materia urbanística do concello a unha serie de funcionarios que só se van dedicar a iso e ademais unha unidade que vai traballar conxuntamente e que dela van entrar as solicitudes de licenzas e van saír as licenzas concedidas ou denegadas en función do caso, en vez de andar os expedientes pasando departamento por departamento e por mans de persoas que teñen que facer o tema urbanístico e outras máis cousas, pero é unha medida evidentemente lenta e que implica aprobar o orzamento, dotar a praza, sacala a concurso e demais, en todo caso será unha prioridade para o goberno poder crear xa esa unidade de xestión urbanística na que están de acordo todos os grupos políticos. Mentres tanto e é certo de que segue habendo un atasco importante e unha lentitude importante á hora de concesión de licenzas, desde o concello estase actuando, traballando constantemente para axilizar, para priorizar incluso licenzas que non teñen maiores problemas poder incluso adiantalas con respecto a outras que si teñen máis problemas ou que son mais farragosas e que estase a facer un esforzo extraordinario tanto desde a concellería de obras, como a de urbanismo, como por parte dos propios técnicos municipais á hora de informar e tramitar todo este tipo de licenzas, pero o atasco é considerable e a solución importante será esa unidade de xestión urbanística. En relación á colaboración que se está a prestar pola comisión de urbanismo é certo, a comisión está aprobando practicamente por unanimidade todas as licenzas que pasan por ela, pero ten que dicir, que a Xunta de goberno local, das licenzas urbanísticas que veñen da comisión de urbanismo aproba tal cal o noventa ou o noventa e cinco por cento, nestes momentos o saben todos os concelleiros, pola comisión de urbanismo levan pasado moitísimas licenzas, nestes momentos só hai enriba da mesa oito licenzas para estudialas mais detidamente, trátase de licenzas de pequenas urbanizacións, de adosados, edificios multifamiliares, que teñen informe xurídico desfavorable, informe técnico favorable e a Xunta de goberno local que é a responsable directa de todas as licenzas que se dan, entendeu que había certos elementos de dúbida que había que aclarar antes de darlle licenzas, non están aparcadas sine die, estase a consultar con expertos en urbanismo para ver que solución se lle pode dar a obras realmente complexas antes incluso de ter que ordenar calquera medida extraordinaria ou urxente que o concello non quere ter que ordenar, pero insiste que no noventa ou noventa e cinco por cento dos casos se respecta o ditame da comisión de urbanismo.

No tema de auga a Almieiras quere dicir que a vontade do grupo de goberno é non privar de auga a ninguén e é estender a auga a tódolos puntos do concello de Fene que sexa posible, e nesa liña estase a traballar conseguindo inversións constantemente para poder facelo realidade, propón que si se quere con calma e detemento pódese celebrar unha xunta de voceiros e ver claramente como está o tema de auga a Almieiras e entre todos ver as posibles solucións que haxa, por si se quere ter o cen por cen da información, en todo caso o goberno está traballando para poder facelo realidade canto antes e a situación é que o orzamento que o Concello ten enriba da mesa para o abastecemento de auga a Almieiras é de corenta mil euros, están eses proxectos incluídos en sendos plans da Deputación provincial, en todo caso o ofrecemento si se quere aos grupos da oposición de miralo con calma nunha xunta de voceiros, a vontade e o esforzo do grupo de goberno é de facelo canto antes.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que con respecto á auga a Almieiras xa deron conta na comisión que había retrasos por problemas da empresa e que esta semana entrou o plan de seguridade, se aprobou e se asinará hoxe ou mañá a acta de replanteo para comezar as obras e os atrasos que había xa están amañados. Con respecto ás beirarrúas de Barallobre, a única modificación importante que houbo foi o lavadoiro que se sube a nivel da estrada, fixo esta modificación a Deputación e a comunicou, non tivo en conta si se quería facer así ou non.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que en relación ao plan de prevención de catástrofes naturais estase traballando e dando pasos para inicialo e conxuntamente tamén se vai reactivar a xunta local de seguridade. No tema do consumo de drogas nos parques, persoalmente falou coa policía e non hai unha noticia contrastada de que isto sexa certo, nin un punto concreto, e si neste caso os concelleiros do PP saben algo concreto que digan onde é porque a policía dixo que non tiñan constatado ningún sitio. No tema da pintura da N-651 pensa que entre hoxe e mañá farase o pintado de obra e falouse con eles e é moi posible que deixen os pasos de cebra pintados con pintura de obra. Sobre as bandas sonoras na baixada de Lubián, ten que dicir que falou coa policía e está esperando que dean o informe.

Seguidamente pide o uso da palabra a Sra. García Balado quen, unha vez concedido, quere dar as grazas ao voceiro do PP sr. Galego Feal polo seu recoñecemento e informa que a praia de Barallobre foi desbrozada e limpada como as demais, ao mesmo tempo, e nesa praia hai un vertedoiro clandestino, retiráronse neumáticos, lavadoras, botellas, de todo, que no seu momento quedou en perfecto estado.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que en relación co atraso da obra de Almieiras a eles o venres na comisión se lles dixo que o luns ía a pala, e nesa comisión se lles debería ter dito que o luns haber si está feito o estudio de prevención de riscos, e despois si se fai o replanteo e haber si empezamos a semana que ven ou o día que sexa, pero non dicirlles que se vai empezar e non é así.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a obra está contratada, e o que ten que facer o Concello está feito, igual o pecado que cometeron e o poden recoñecer é reproducir literalmente o compromiso da empresa de que empezaba tal día e logo non empezou, e efectivamente si a empresa se excede do prazo o concello tomará medidas pero de momento non se excedeu, está no prazo de execución.

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido manifesta que en resposta ao parque detrás da escola de Perlio, como xa manifestou noutras ocasións

estase a facer un seguimento para o mantemento de tódolos parques e por suposto este non vai quedar precintado nin sen uso, simplemente que non teñen os xogos necesarios para substituílos e en canto os teñan se colocarán. Comentar como xa o fixo na comisión do venres pasado, que se fixo un estudio sobre as necesidades dos colexios do concello e ían incluídos tanto o tellado do Ramo como os pavés dos Casais e estas actuacións non poden ser asumidas polo concello porque teñen un custo moi elevado. En canto á limpeza das rúas quere dicir que como xa dixo no anterior pleno, neste concello non hai o persoal necesario para facer estes traballos, que estes traballos se intensificaron no último mes pero que aínda faltan moitas cousas por facer que irán resolvendo á maior brevidade posible. No tema dos contedores da rúa do Cruceiro repoñerán o do plástico en canto poidan.

(Auséntase da sesión o Sr. José Antonio López Rodríguez).

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que o outro día veu unha noticia que dicía que a Consellería de Sanidade ía correr con tódolos gastos que están ocasionando os centros de saúde aos concellos, pregunta si houbo algunha reunión cos concellos para ver o que vai abarcar.

- Pregunta sobre o terreo entre a galescola e Navantía si houbo algún avance para ver si o cedían.
- Sobre os municipios que están na rede natura que din que soamente quedan Fene que non se solicitou ningunha axuda para promover estes espazos protexidos, e pregunta si non hai espazos ou os motivos polos que non se solicitou.
- Sobre queixas de veciños de San Valentín polo tema dos cans, haber que se pode facer.
- Sobre a ducha que hai na praia de Río Sandeu di que lle comentaron esta semana que non funciona.
- Pregunta que pasou cunha marcha que había a Pena Trevinca que segundo lle contan se cambiou sen avisalos e llo comunicaron cando ían no mesmo autobús, e quere saber o motivo.
- Pregunta sobre o Bar Provisional que houbo problemas cun veciño e incluso agresións, e pregunta como está o tema.
- Pregunta sobre o Padroado da Radio que a último reunión foi o 19 de marzo de 2007, e vai sendo hora que haxa unha reunión.
- Pregunta por unhas obras que se fixeron na Avda. do Mar e que hai uns despezos dunhas baldosas rotas no bar novo, haber quen ten que amañalas.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que sobre a asunción de gastos dos centros de saúde por parte da Xunta de Galicia entende que pregunta sobre o que comentou hai un momento de que a Xunta vai empezar a correr cos gastos de mantemento dos centros de saúde a partir de agora, e di que o único contacto que Fene tivo coa Consellería foi sobre o tema do centro de saúde de Maniños porque hai un conserxe que é funcionario do Concello de Fene que está a facer as funcións de persoal de servizos xerais do sergas, había un problema cando esta persoa se ía de vacacións porque o centro de saúde quedaba desatendido, e se comprometeron a que nos períodos de vacacións do conserxe o seu posto de traballo sexa cuberto por persoal de servizos xerais de sergas e pagado pola Consellería, aparte contacto directo da Xunta co concello para explicar o tema de asunción dos gastos de mantemento non houbo, iso se enmarca dentro do pacto local asinado entre a Fegamp e a Xunta de Galicia, hai ese compromiso de asumir por parte da Xunta tódolos gastos de mantemento de tódolos centros de saúde de Galicia e da documentación que o concello ten, entende que asumirían tanto os gastos de mantemento do centro de saúde de Tarrío como do de Maniños, haberá que concretalo porque non houbo contacto directo coa Xunta. Sobre os terreos da galescola e Navantia di que houbo unha visita ao concello do Director comercial de Navantia, se lle ensinaron os terreos que quere o Concello que se lle cedan para facer o aparcamento e o

acceso á galescola en Perlio e tamén se lle falou doutra serie de asuntos como a cesión dos baixos do bloque un de San Valentín para destinalos a dependencias municipais, sobre todo para darlle algo máis de saída a servizos sociais que nestes momentos está nunha situación de espazo bastante reducida, e tamén se lle plantexou o paso da senda marítima que Costas e o Concello de Fene queren executar por toda a costa de Fene, pola traseira do estaleiro e tamén a necesidade de manter unha relación moito máis fluída e máis cordial entre o concello de Fene e Navantia á hora de facer por exemplo a milla que sempre se realizou dentro do estaleiro e que nos últimos anos houbo unha negativa sempre por parte de Navantia a facelo, ou a organización de visitas ao museo naval do estaleiro, e os contactos se produciron neses termos e o que lles transmitiu foi que a priori e en concreto para o terreo da galescola non habería ningún problema por parte de Navantia para cedelo, simplemente terían que tratalo no seu consello e solicitou que se remitise desde o concello un pequeno documento técnico explicando cada un destes asuntos, se remitirá a Navantia proximamente e se verá a resposta, en principio os contactos parecen ser bos.

Sobre o tema da Rede Natura, si que é verdade que o Concello vense acollendo satisfactoriamente porque as están concedendo a todas as subvencións que convoca a Consellería de Medio Ambiente, o problema é que Fene non ten ningún espazo dentro da Rede Natura nestes momentos, si é certo que dende a concellería de medio ambiente se está falando coa Consellería haber si se pode incluír a Fene dentro desa rede natura en futuras convocatorias. Sobre a ducha en Río Sandeu, di que hoxe non foi alí pero que dixeron que hoxe estaría colocada, que o que se vai facer é desmontar o tubo que había que era de ferro, e poñerese unha ducha de plástico para darlle servizo aos veciños e debería quedar instalada hoxe. Con respecto ao Bar Provisional comentar que a vontade do goberno era que se executase a orde de peche dese bar, que si o precinto non estaba dictado era porque evidentemente non se tiñan os informes da policía que permitisen actuar e operar nese sentido e ten que dicir e compartir coa Corporación que hoxe pola mañá se asinou a orde de precinto do local en base a denuncias reiteradas dos veciños nas últimas datas sobre a entrada e saída constante de xente do local, denuncias sobre altercados e contactos físicos que se chegaron a producir nas inmediacións do bar e sobre todo en base a un informe da policía que conseguiu entrar no local e identificar ás persoas que estaban no interior e comprobar que alí dentro estábbase a desenvolver unha actividade comercial e en base a todo iso, hoxe pola mañá asinou a orde de precinto, e as datas concretas que se barallan se lles da de prazo ata o mércores para retirar os produtos, maquinaria etc. e o mércores polo tanto procederase ao precinto do local.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que mais ou menos o que lle comentou ao voceiro do PP, sobre os problemas que houbo na contratación de persoal, que no tema de desbroces en anos pasados sempre había un tractor que traballaba pola mañá e outro pola tarde e este ano non puido ser, agora si se conseguiu outro tractor.

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido manifesta que sobre a marcha a Pena Trevinca ante todo pide desculpas, quere dicir que se deixaba a opción do monitor desviar un pouco a ruta, e pola súa conta e risco decidiu desviar a ruta cara a León, despois o chamaron para dicirlle as queixas que había das persoas que se habían anotado para a marcha que era a Pena Trevinca e esta case que non se viu e dixéronlle que iso non se podía facer, agora pide desculpas porque o erro xa está cometido e en sucesivas ocasións non cre que se volva a cometer.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que entende que se reúna o Padroado da Radio.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido manifesta que quere facer un rogo ao Sr. Alcalde, que a próxima vez que viñera o director comercial de Navantia para ver os terreos da galescola avisara a concelleira de Igualdade que neste caso é ela, porque si algún veciño o veciña lle pregunta sobre o tema dos terreos teralle que dar unha resposta, como lle pasou á entrada do pleno que o presidente da asociación de veciños de Perlio lle preguntou sobre ese tema e ela estaba esperando a que o Sr. Alcalde lle contara como estaba con iso porque tivera a reunión con Navantia e lle gustaría estar enteirada porque basicamente é algo da súa concellería e lle rogaría que a vindeira vez a avisara.

O Sr. Alcalde-Presidente manifesta que o Sr. Alcalde ten potestade para reunirse con calquera directivo de Navantia que estime oportuno, e con calquera persoa que estime oportuno para mellorar o servizo para este Concello e en calquera caso o aclararán os dous pero falarán formalmente desta visita e o resultado da mesma na Tenencia da Alcaldía.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vinte horas e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria accidental,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: María del Pilar Acebes Ruano.